FONDO SOCIAL EUROPEO

CIM santiago

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría
De
Políticas de Igualdade.

MEMORIA

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2019

Ficha técnica

Localización					
Denominación	**C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**				
Titularidade	MUNICIPAL	**Dependencia (concellería...)**	CONCELLARÍA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE.		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4		**C.P.**	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	**Provincia**	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542467	**Fax**	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.gal				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico (previa cita)	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica (previa cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social (previa cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Asesoría xurídica **Persoal Laboral Interina**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2019.	**Directora**	NON
Psicóloga **Persoal Laboral Interina**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2019.	**Directora**	NON

Outro persoal do CIM	**Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual**
Directora. Licenciada en Dereito. (Funcionaria de Carreira). Traballadora Social. Axente de Igualdade. (Persoal Laboral Fixo).	Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención, RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade,de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, DOG Núm. 28 Venres, 8 de febreiro de 2019.

Orzamentos		
Custo anual (€)	**Financiamento propio (€)**	**Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)**
Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención, RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade,de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, DOG Núm. 28 Venres, 8 de febreiro de 2019.		Para o programa CIM o Concello de Santiago non recibe máis axudas que as proporcionadas a través da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER".**
Lugar e datas de realización	MESES DE MARZO E ABRIL NA CIDADE DE SANTIAGO.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

O Concello de Santiago apostou de novo por conmemorar de maneira activa o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, cunha programación completa e diversa que se estendeu durante todo o mes de marzo e abril.

A concelleira de Igualdade, Marta Lois González, deu conta dos detalles destas accións nunha rolda de prensa o 25 de febreiro de 2019.

"Paramos só para coller impulso" foi o gran lema para o ano 2019 e protagonizou a imaxe central da campaña. A concelleira explicou que " a programación do 8 de marzo incluía unha parte de sensibilización, cunha campaña de corresponsabilidade que se desenvolverá nos centros cívicos e nos centros educativos, así como un punto de información instalado na praza Roxa e que podería ser usado polos colectivos feministas". Para dito punto informativo recuperouse o triángulo negro instalado no Obradoiro durante a campaña do 25-N e "serviu para reflexionar e debater sobre as violencias machistas e as desigualdades de xénero".

Conferencias e conversas.

Entre as accións desenvoltas destacaron a conferencia que impartiu a feminista e emprendedora social francesa Aurelie Salvaire e que levou por nome "Mulleres con talento transformando o mundo". Foi o mércores 6 de marzo, ás 19:00 horas, no Auditorio Abanca, e estivo acompañada doutras mulleres referentes nos seus campos. Aurelie Salvaire impartiu tamén un obradoiro de empoderamento no Cersia o xoves 7 de marzo, entre as 11:30 e as 13:30 horas.
A isto sumouse o ciclo de conversas na Xohana Torres que comezaron o xoves día 7 de marzo coa mesa redonda "Pensar o amor no século XXI" e na que participaron as autoras do libro Ám@me, Chis Oliveira e Amada Traba.
O venres 15 de marzo proxectouse o documental *Concha* Castroviejo: "Arelas de liberdade", coa intervención de Aurora Marco, escritora e profesora xubilada da USC, e Nanina Santos, da equipa de redacción de *Andaina. Revista Galega de* Pensamento Feminista e sobriña de Concha Castroviejo.

As conversas continuaron o venres 22 de marzo coa presentación do libro *Feminicidio*, coa presenza da autora e catedrática de filosofía, Carme Adán.
O venres 29 de marzo contouse coa presenza da escritora, formadora, activista LGTB e feminista, Brigitte Vasallo.

Este ciclo rematou o 5 de abril coa mesa redonda "Sufrajitsu. A autodefensa na historia do movemento feminista", que contou coa participación de Antía Pérez Caramés, profesora na Facultade de Socioloxía da UDC, e de Cristina López Villar, profesora na Facultade de Ciencias do Deporte da UDC.

Outras actividades.
As accións do Día Internacional da Muller incluíu tamén música, co concerto "Entre coplas e alalás", con Martirio, Uxía, Carmen París e Ugía Pedreira, que se celebrou no Auditorio de Galicia o sábado 9 de marzo ás 20:30 horas.

Tamén destacou a campaña de sensibilización nos autobuses urbanos de Compostela que comezou o 15 de marzo e que consistiu na colocación duns vinilos nos 50 autobuses urbanos nos que se informou a usuarios e usuarias sobre como actuar ante unha agresión machista.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora
O éxito das primeira edicións fixo repetir a experiencia cun programa máis ambicioso. Cumpriuse o obxectivo pretendido pola Concellaría de igualdade, desenvolvemento económico e turismo do concello de Santiago que consistía na visibilización do labor das mulleres e por de relevo a cada vez maior presenza feminina en prol da cidadanía.
do público asistente
Moi boa acollida por parte do público participante e medios de comunicación.

Custo global da actividade:	**51.856,00 € Todos os actos conmemorativos do día 8 de marzo "Día Internacional da Muller".**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**PUNTO LILA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN SOBRE VIOLENCIAS MACHISTAS DURANTE AS FESTAS DA ASCENSIÓN.**
Lugar e datas de realización	PRAZA DO TORAL. DO MÉRCORES 29 DE MAIO AO DOMINGO 02 DE XUÑO.
Núm. de horas	40
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

As mulleres que participantes nas festas do Ascensión contaron cun punto lila de información e atención sobre as violencias sexuais.

Tratouse dunha iniciativa que se levou a cabo por segunda vez na cidade.

Estivo habilitado durante todos os días das festas en horario de 12:00 a 14:00 e dende as 19:30 horas ata a 01:30 horas da madrugada.

A coordinación correu a cargo do Centro de Información ás Mulleres (Cim) de Santiago de compostelá, co apoio dun equipo de seis psicólogas especialistas en violencia de xénero.

Este espazo estivo orientado a informar e tamén a realizar o acompañamento no caso de que unha muller tivera sufrido unha agresión do tipo que fose.

O Concello de Santiago repartiu un díptico con información relevante para o caso de que a veciñanza se atope cunha muller que pide axuda ou poida ter sido vítima dalgunha agresión de tipo sexual. En dito díptico (editado en galego, castelán e Inglés) recolléronse algúns consellos, de como achegarse á persoa que puidera ser agredida, preguntarlle como se atopa e se precisa axuda.

Entre as recomendacións incluídas no escrito recollíase a de adoptar unha actitude activa fronte ás agresións sexistas, o respecto coas diversas identidades e expresións de xénero e a tolerancia cero ante comportamentos machistas.

O Concello de Santiago tamén incluíu no programa das festas unha ducia de consellos para a festa, onde se rexeita calquera tipo de discriminación e se aposta por unha Compostela e unhas festas da Ascensión libres de violencias machistas.

Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora	
Cumpriuse o obxectivo de lembrar á cidadanía que nas festas a igualdade e o respecto deben estar garantidos sempre, e tamén ofreceuse información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que puidera vivir un episodio de violencia machista durante as festas do Ascensión.	
do público asistente	
Alto nivel de satisfacción das persoas que se acercaron ao punto lila.	
Custo global da actividade:	**3.783,00 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ORGULLO 2019. COMPOSTELA DIVERSA.**
Lugar e datas de realización	28 DE XUÑO. PRAZA DO OBRADOIRO.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

O Concello de Santiago sumouse o día 28 de xuño á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI.

Membros do goberno, entre eles o Alcalde e a concelleira de Políticas de Igualdade, Noa Díaz Varela, e da corporación asistiron na praza do Obradoiro á lectura dun manifesto no que o movemento pola diversidade afectivo - sexual e de xénero de Compostela reclamaba o dereito "a ser, a sentir, a expresarse, a vivir con dignidade, a non seren cuestionadas, a non clasificarse nun sistema binario e pechado e a amar a quen e como se queira".

Leron o manifesto, Daniela Fernández, de Amizando; Estela Malvido de Avante LGTB; e Enrique Latorre, de Ultreia. Neste manifesto expresaron o seu rexeitamento ao actual modelo de sociedade "heteropatriarcal, baseado na división sexual do traballo" que sustenta "un sistema dividido en dúas categorías diferenciadas e opostas, masculinidade e feminidade, que non ten en conta as diferenzas. Tamén denunciaron as "violencias cotiás" que sofren por ser diferentes, alentadas polo "discurso da ultradereita". Miradas, comentarios, humillacións, e incluso agresións aos que se suman outro tipo de violencias institucionais, e as dificultades na busca de traballo.

Precisando, compromiso das institucións, dos concellos, para avanzar en materia de igualdade, para "mudar a sociedade e saír dun patriarcado cara un feminismo máis amplo e inclusivo; avanzar desde unha situación de desigualdade e pobreza, cara a xustiza social".

O manifesto rematou sinalando que "precisan do compromiso das institucións máis alá de pequenas mostras simbólicas. Demandando mudanzas que melloren a súa calidade de vida, e demandándoa xa. Nin un paso atrás!".

O acto rematou co izado da bandeira do colectivo trans no alto do Pazo de Raxoi.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

En xuño do 2016, o Pleno Municipal da Corporación aprobou unha Declaración Institucional na cal se comprometía a colaborar coas asociacións e colectivos LGTBI para impulsar o desenvolvemento de accións planificadas e coordinadas para garantir que “todas as persoas,

independentemente da súa forma de vivir o amor e a propia sexualidade, reciban igualdade de trato e nunca máis sufran ningún tipo de discriminación e violencia pola súa condición, orientación sexual ou identidade de xénero". Desde entón, desde a Concellaría de Igualdade estase en coordinación cos colectivos LGTBI da cidade para poder levar a cabo actuacións especificas para promover a igualdade de trato.
do público asistente
Alto nivel de participación e satisfacción por parte do Colectivo LGTBI e cidadanía en xeral.

Custo global da actividade:	**Actividade sen custo.**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL CON MOTIVO DO DÍA EUROPEO CONTRA A TRATA.**
Lugar e datas de realización	PRAZA DO TORAL. 18 DE OUTUBRO.
Núm. de horas	10 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

O 17/10/2019 a concelleira de Políticas de Igualdade, Noa Díaz, presentou a campaña de concienciación e sensibilización que desenvolveu o Concello con motivo do "Día europeo contra a trata", que se materializou coa colocación dunha carpa informativa na Praza do Toural.

"Combater a trata de seres humanos é unha prioridade para o goberno local", sinalou a concelleira que indicou que "diante da forma máis habitual da trata, a explotación sexual, que afecta sobre todo a nenas e a mulleres" o Concello de Santiago non pode permanecer alleo.

Por iso, desde Políticas de Igualdade lanzouse esta campaña. Cun dos lemas "Se mercas sexo non vales nada" quíxose "facer un chamamento á cidadanía para que se conciencie desta forma de escravitude que atenta contra os dereitos máis básicos das persoas". Porque, "a explotación sexual é iso, explotación: explotación da liberdade, explotación da dignidade, explotación dos corpos das outras, explotación da integridade física, da seguridade…". O obxectivo desta acción foi que a cidadanía de Santiago reflexione sobre unha cuestión que "nos afecta de cerca, aínda que non o vexamos, por ser unha problemática que estivo e está moi invisibilizada".

Carpa informativa.

A capa informativa permaneceu na Praza do Toural desde as dez da mañá ata as oito da tarde. Convidando "a homes, mulleres, nenos e nenas a prender unha etiqueta na roupa, simulando ser un produto, que pode ser vendido por uns, e adquiridos por outros". Houbo varias etiquetas con distintas mensaxes denunciando en que consiste a trata de persoas.

Na carpa tamén se colocou material informativo sobre a trata de persoas, e informouse aos que se achegaron sobre o que se está facendo desde o Concello a través do CIM, o Centro de Información á Muller, no que se atende a familias, mulleres e nenas/os.

O Concello de Santiago asina un convenio anual con Cáritas - Vagalume, no que se atenderon 51 mulleres vítimas de explotación sexual, a maioría entre 25 e 30 anos.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora
A campaña contra a trata de seres humanos foi unha iniciativa de sensibilización, promovida pola Concellaría de políticas de Igualdade, cuxo obxectivo principal foi potenciar a concienciación contra este fenómeno, representando a tristeza de quen son vítimas da trata de persoas e a insensibilidade de quen compra e vende a outros seres humanos. Cumpriuse a finalidade da campaña de mobilizar, apoiar e servir de inspiración ás persoas para que loiten contra la trata de seres humanos. Pretendendo a sensibilización da cidadanía invitándoa a formar parte dela.
do público asistente
Alto nivel de participación por parte da cidadanía, achegándose con gran afluencia a carpa instalada.

Custo global da actividade:	**2.999,00 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS A FAVOR DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2019.**
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL BOP Nº 102, VENRES 31 DE MAIO DE 2019 (BDNS: 457919).
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Descrición do contido da actividade

Convocatoria anual de concurso para a concesión de subvencións para a realización de programas e actividades a desenvolver polas asociacións.

O obxectivo é favorecer o desenvolvemento integral destes colectivos, promover a súa participación activa en tódolos ámbitos e contribución a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

Xúntanse bases da convocatoria e resolución publicados no BOP.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Entidades Beneficiarias, Título do proxecto e Importe da subvención concedida:

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Subvención CONCEDIDA
1	ASOCIACIÓN PLATAFORMA FEMINISTA GALEGA	1."Obradoiro de empoderamento tecnolóxico" .2. 8 Marzo: Folga Feminista 3. Debate sobre políticas feministas. 4. Concentracións contra os feminicidios	2.810,42 €
2	FEDERACIÓN ALZHÉIMER GALICIA	"Campaña de sensibilización "Coidadores""	2.355,60 €
3	ASOCIACIÓN DE EMPREGADAS DE FOGAR. XIARA	1. Obradoiros de expresión grupal para participación social. 2. Información e asesoramento sociolaboral. 3. Actividades informativas, formativas sobre dereitos, recursos	2.000,00 €

4	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS (FADEMUR)	"Igualdade no rural: emprendemento feminino"	3.000,00 €	
5	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	"Tecendo con fíos de cores"	3.000,00 €	
6	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL (AGRA)	"Fomento da Igualdade no Rural. Titularidade compartida das explotacións agrarias"	3.000,00 €	
7	ASOCIACIÓN DE VIÚVAS ROSALÍA DE CASTRO	"Curso de Ximnasia de Mantemento físico de persoas maiores (Catro Quendas)"	2.500,00 €	
8	FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA	"Cursos apoios visuais para mellorar a vida das persoas con TEA e as súas familias"	2.998,46 €	
9	SINDICATO LABREGO GALEGO	"Mulleres, Labregas, Rurais: tres veces necesarias, tres veces invisibles"	3.000,00 €	
10	ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA (AEIGA)	"Programa VI Muller en Igualdade"	1.500,00 €	
			26.164,48 €	

do público asistente

Valoración positiva por parte das entidades beneficiarias.
Este ano beneficiáronse desta subvención un total de dez asociacións/entidades.

Custo global da actividade:	**26.164,00 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. CAMPAÑA *25 N. COMPOSTELA EN NEGRO*.**
Lugar e datas de realización.	POLIGONO INDUSTRIAL DO TAMBRE, COMERCIOS E HOSTALERÍA DE SANTIAGO. PRAZA DO OBRADOIRO. 18 AO 25 DE NOVEMBRO DE 2019.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	SECTOR EMPRESARIAL E CENTRO EDUCATIVOS DA CIDADE E CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

A campaña "25 N. Compostela en Negro" xurde dunha necesidade detectada pola Concellaría de igualdade de visibilizar e denunciar as violencias de xénero que padecen moitas mulleres na súa vida cotiá, na escola, no traballo, pero principalmente no fogar.

A Concellaría de Igualdade puxo en marcha un ano máis, a campaña "Compostela en negro", de cara ao 25N, para sensibilizar e denunciar a problemática das violencias machistas, e este ano centrouse no colectivo empresarial e no estudantado.

Este ano unha das accións centrais da campaña, nacida no concello compostelán como unha acción colectiva en 2015, quixo chegar ao colectivo empresarial para implicalo no rexeitamento das violencias machistas. Así foi presentada na sede da Asociación Área Empresarial Polígono do Tambre pola concelleira de Igualdade, Noa Díaz, xunto ao presidente da Asociación, José Fernández Alborés. Tamén asistiu Pedro Jesús Boix director Xeral de Castrosúa.

Ademais un dos eixos da campaña, foi a educación, "dende o convencemento de que educación e a prevención son medidas esenciais para frear as violencias exercidas contra as mulleres".

Reparto no polígono do Tambre

Dúas mil "vacinas" contra as violencias machistas foron repartidas no polígono co seu respectivo prospecto: "A violencia machista é contaxiosa. Vacínate. Composición: Respecto 800 mg, Coidado 600 mg, Empatía 450 mg. Consentir e animar bromas e comentarios sexistas tamén é machismo", foi un estoxo que contiña a camiseta negra da campaña, unha pulseira negra que acreditaba que a vacina foi posta correctamente e un adhesivo para o coche co logotipo de *Compostela en negro*. O primeiro reparto do estoxo fíxose no restaurante Garulesa do Tambre, onde se volveu a repartir entre as persoas que foron xantar alí no mediodía do 25N. As restantes empresas que quixeron solicitalo para os seus traballadores e traballadoras contactaron coa Asociación Área Empresarial do Tambre.

Outro dos lemas fundamentais da campaña foi "Contra as violencias machistas, educación", dende o convencemento que educación e prevención son medidas esenciais para frear as violencias exercidas contra as mulleres. Dende a Concellaría de Políticas de Igualdade convidouse os centros escolares a sumarse á campaña colocando a lona negra na fachada dos seus edificios e vestindo de negro (e se chove, con paraugas negros) o 25N, de 11:00 a 12:00 h, na praza do Obradoiro, durante a concentración e lectura do manifesto. No mesmo acto diversos centros escolares compostelán representarán proxectos realizados para a ocasión dentro dun certame convocado dende a Concellaría de Políticas de Igualdade.

Acto do 25 N. Praza do Obradoiro.

A praza do Obradoiro acolleu na mañá do 25 N. o acto principal do Concello de Santiago con motivo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. A Corporación presidiu esta cerimonia, na que se leu un manifesto institucional e na que diversos centros escolares representaron proxectos realizados para a ocasión dentro dun certame organizado polo Cim.

O manifesto puxo de manifesto o compromiso do Concello de Santiago na "loita pola erradicación das violencias contra todas as mulleres" e no seu combate "con todos os recursos dispoñibles". Incidindo na necesidade de "incluír ás institucións, axentes sociais, medios de comunicación, comunidade educativa e á cidadanía en xeral neste compromiso e no rexeitamento á complicidade de que acubilla e silencia estas violencias". Ademais da importancia do papel das entidades locais en tanto poderes públicos próximos ás realidades que viven as mulleres, nenos e nenas. Baixo o lema "Contra as violencias, educación", a campaña municipal do 25N quixo este ano poñer o foco no ensino e nos máis novos e novas. "Compre atallar ás causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas reais para a promoción da igualdade e a prevención das violencias, contemplar recursos humanos e económicos para o seu correcto desenvolvemento no ámbito da xustiza, da sanidade, da administración e sobre todo da educación",
Na lectura houbo un especial recordo a "María José, Sandra, Alba e María Elena, en Valga, e Mari Carmen en Vilalba", as mulleres asasinadas este ano en Galicia, que se suman a 48 mulleres máis, que segundo as cifras oficiais, foron asasinadas este ano en España como consecuencia da violencia machista.

O acto foi conducido pola concelleira de Políticas de Igualdade, Noa Díaz Varela, e leron o manifesto as concelleiras Goretti Sanmartín (BNG), Marta Lois (Compostela Aberta) e María Antón (PP); rematando a lectura o Alcalde compostelán, Xosé Sánchez Bugallo.

Despois desta lectura, diversos centros educativos expuxeron os proxectos realizados no marco dun certame convocado pola Concellaría de Igualdade. Así, catro alumnas do IES Rosalía de Castro –Nuria Rodríguez, Candela Álvarez, Sofía O'Donell e Carlota Curra- leron, respectivamente as cartas "A unha irmá morta por violencia de xénero"; "Dunha rapaza a ela mesma no futuro", "Poema a unha amiga, vítima de violencia de xénero" e "A un maltratador".

A continuación, Alba Fiaño e Anxo Varela, do CEIP Roxos, leron un texto sobre a creación do vídeo "Micromachismos", e alumnado do CEIP Pío XII recitou o poema "Para un mundo sen violencia, un poema que o defenda". Seguiron Iria Vázquez, do IES Xelmirez I, para falar sobre o vídeo "Violencia de xénero", e tres alumnas do CPR Vilas Alborada (Carla García, Sofía Novais e Mara García) leron a poesía "Xa me cansei". Finalmente, escolares deste mesmo centro protagonizaron unha actuación musical conxunta baixo o título "Contando lunares".

Vídeos de Rural en Igualdade e máis actos reivindicativos.

Continuando cos actos do 25N, o xoves 21, ás 20:00 h, o Centro Sociocultural de Enfesta acolleu a presentación pública das pezas audiovisuais resultado dos obradoiros de risoterapia e empoderamento dirixidos ás mulleres do rural. Estes talleres, que chegaron a once parroquias compostelás (Villestro, Bornais, Laraño, Marantes, Busto, Grixoa, Enfesta, Lamascal, Lavacolla, Aríns e Carballal) formaron parte das accións do programa anual Rural en Igualdade.
O venres 22, ás 20:00 h, representouse a peza de danza "Ophelia" na igrexa da USC.

Por último, o martes 26, a partir das 17:00 h, no Centro Sociocultural das Fontiñas, o alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, iniciou o maratón de lectura de textos pola igualdade e en contra da violencia de xénero. No acto participaron outros/as concelleiros/as, nenos e nenas das aulas de xogos, persoas socias dos clubs de lectura da Rede de Bibliotecas do Concello e do ámbito da cultura de Santiago e as persoas que a título persoal quixeron sumarse. No mesmo CSC das Fontiñas estivo rematado o mural colaborativo "Pinta a túa man para dicir non á violencia de xénero", que se elaborou nas tardes do mércores 20 ao martes 26, de 17:00 a 19:00 h, xunto ao photocall dixital "En. negro contra as violencias".
Na mesma tarde do 26 houbo un contacontos, co espectáculo *As cores*, que traballou a educación en igualdade. Estivo dirixido a crianzas de 3 a 9 anos, a partir das 18:30 h, na aula de xogos do Centro Sociocultural de Santa Marta.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Cumpríronse os obxectivos programados para esta campaña. Ditos obxectivos foron os seguintes:

- aumentar a concienciación social sobre a problemática da violencia de xénero.
- Implicar os centros educativos da cidade baixo o lema "Contra as violencias machistas, educación", dende o convencemento que educación e prevención son medidas esenciais para frear as violencias exercidas contra as mulleres.
- implicar á cidadanía e aos axentes socias, culturais e económicos do municipio nunha resposta colectiva de repulsa da violencia de xénero.
- identificar, transmitir e poñer o foco en determinados comportamentos e expresións verbais vencelladas á violencia de xénero.

Dende este enfoque faise unha valoración positiva dende a entidade organizadora.

do público asistente

Alto grao de valoración por parte dos centros educativos, tecido empresarial, entidades, comercio e establecementos adheridos e cidadanía en xeral.

Custo global da actividade:	**38.832,00 €**

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A CREDENCIAL COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO E NA ACTUALIDADE POLO DECRETO 130/2016, DO 15 DE SETEMBRO.

O CONCELLO DE SANTIAGO, SEN EMBARGO XA VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- **DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO PERSOAL, LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.**
- **PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.**
- **POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.**

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA ASESORA XURÍDICA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE REALIZA UNHA ATENCIÓN XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL.

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- **SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

- **PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA “O NOSO LAR”.**

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRICIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO BASEASE NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓBIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO

- **GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.**

CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS

OS TERMINAIS DE USUARIA PERMITEN:

- **A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA.**
- **A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VÍA GSM).**

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS A DÍA 15 DE XANEIRO DE 2020 ASCENDE A 6.

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN".

NO ANO 2008 ASINOUSE O PRIMEIRO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CARÁCTER ANUAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

O PROGRAMA VAGALUME – CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, PRETENDE, CO PROXECTO "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN", ACOMPAÑAR ÁS PARTICIPANTES NOS SEUS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL QUE TEÑEN COMO OBXECTIVO LOGRAR O SEU EMPODERAMENTO PERSOAL, SOCIAL, FAMILIAR E LABORAL.

O PROXECTO PROGRAMA OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".
AS BENEFICIARIAS DO PROXECTO SON MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

OBXECTIVOS:
DENDE O ÁMBITO PERSOAL: FACILITAR UNHA VIVENDA TEMPORAL E APOIO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL OU MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, A TRAVÉS DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR", QUE SE INTEGRA, DESTE XEITO DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

DENDE O ÁMBITO FAMILIAR: FACILITAR UNHA RELACIÓN DIRECTA ENTRE O CENTRO DA MULLER E O CENTRO DE NENOS E NENAS, E CREAR UN ESPAZO ONDE OS RAPACES E RAPAZAS RECIBAN APOIO E ORIENTACIÓN EN TODO O REFERENTE ÁS PAUTAS FAMILIARES.

DENDE O ÁMBITO FORMATIVO: TRATARASE DE QUE AS MULLERES ADQUIRAN COÑECEMENTOS CULTURAIS SUFICIENTES PARA DESENVOLVERSE NA SOCIEDADE DE MANEIRA AUTÓNOMA, TAMÉN PROMOVENDO O COÑECEMENTO DE VALORES, DE OUTRAS REALIDADES CULTURAIS, E DE OUTRAS PERSOAS, PALIANDO ASÍ A SITUACIÓN DE ILLAMENTO.

DENDE O ÁMBITO XURÍDICO: TRATARASE DE ORIENTALAS EN CADA DEMANDA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN, PROMOVENDO A INFORMACIÓN DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS ASÍ COMO O ACCESO AOS DIFERENTES RECURSOS DA COMUNIDADE.

DENDE O ÁMBITO LABORAL: TRATARASE DE POÑER EN CONTACTO A CADA MULLER CUNHA OFERTA DE TRABALLO, TRATANDO DE PROMOVER A SÚA AUTONOMÍA E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

DENDE O ÁMBITO ECONÓMICO: O OBXECTIVO É REDUCIR O IMPACTO DAS CARENCIAS AS QUE AS MULLERES SE VEN SOMETIDAS.

PARA O CUMPRIMENTO DESTES OBXECTIVOS, REALÍZANSE AS SEGUINTES ACTIVIDADES:

ACOLLIDA TEMPORAL EN VIVENDA DE EMERXENCIA: PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓNS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE.

DE CARÁCTER PERSOAL: ENTREVISTAS DE ACOLLIDA, DE INFORMACIÓN E PACTO E DE PRESENTACIÓN DO CENTRO.

DE CARÁCTER PSICOLÓXICO EMOCIONAL: ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUAL E TALLERES GRUPAIS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

DE INTERVENCIÓN FAMILIAR: INTERVENCIÓN FAMILIAR INDIVIDUAL E ESCOLA DE NAIS.

DE CARÁCTER FORMATIVO: ALFABETIZACIÓN, FORMACIÓN E CULTURA XERAL, INFORMÁTICA, VISITAS CULTURAIS, FORMACIÓN EN IGUALDADE, EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN EN VALORES, TALLERES PRELABORAIS E MÓDULOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL.

DE CARÁCTER SOCIAL/ XURÍDICO: ATENCIÓN PRIMARIA E DERIVACIÓN, NO SEU CASO; ORIENTACIÓN SOCIAL E INFORMACIÓN DE RECURSOS E ORIENTACIÓN XURÍDICA.

DE MEDIACIÓN LABORAL: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

DE SENSIBILIZACIÓN: CHARLAS, REUNIÓNS, MESAS REDONDAS, DANDO A COÑECER A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES PARTICIPANTES.

IMPORTE ECONÓMICO DO CONVENIO NO ANO 2019: 30.000,00 €.

4.SUXESTIÓNS.

DENDE O CIM OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE TODA A FORMACIÓN QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO,

TEMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E REUNIÓNS INTERDISCIPLINAIS ENTRE TODOS/AS OS/AS PROFESIONAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CIMS.

5.RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- **CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.**
- **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO.**
- **CHUS (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).**
- **UNIDADES SAÚDE MENTAL.**
- **CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.**
- **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC).**
- **INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHARELATO DE SANTIAGO.**
- **CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTÍS E PRIMARIA DE SANTIAGO.**
- **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.**
- **XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.**
- **GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.**
- **GARDA CIVIL.**
- **POLICÍA LOCAL.**
- **POLICÍA NACIONAL: UFAM.- UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER) E SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).**
- **PROXECTO HOME.**
- **ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOGALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.**
- **CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.**
- **COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA.**
- **ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS/AS DE SANTIAGO.**

- **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA.**
- **COLEXIO DE EDUCADORAS/ES SOCIAIS DE GALICIA.**
- **SERVIZO DE ESTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.**
- **FISCALÍA.**
- **FUNGA.**
- **IMELGA.**
- **EXCMA.. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**
- **PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).**
- **SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE (VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA).**
- **CÁRITAS INTERPARROQUIAL.**
- **CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.**

6.RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE A CONCELLARÍA POLÍTICAS DE IGUALDADE- CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES", MUPIS, PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA ,CARTAS E EMAILS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: "LA VOZ DE GALICIA" E "EL CORREO GALLEGO" .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: "LA CADENA SER", "LA CADENA COPE", "ONDA CERO" E "A RADIO GALEGA".

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: "A TVG", "CORREO TELEVISIÓN" E " NOS TELEVISIÓN".

7.FORMACIÓN.

DIRECTORA

- **Xornada: Un ano de vixencia da nova lei de contratos do sector público: Balance e perspectivas. Organizada pola Escola Galega de Administración Pública o día 21 de Marzo de 2019, cunha duración de 8 horas lectivas.**
- **Curso: A Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica de xestión pública. Organizado pola Escola Galega de Administración Pública, modalidade de formación on line, dende o 22 de abril ata o 20 de maio de 2019, cunha duración de 30 horas lectivas.**
- **Xornada de formación da historia social electrónica (HSUE). Organizada pola Xunta de Galicia o 13 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección da vítima. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 14 de xuño de 2019 cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Unha década de experiencia tratando con vítimas de violencia sexual. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Intervención profesional con persoas do colectivo LGTBI. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de setembro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 4 de outubro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**

- **Curso Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración Local. Organizado pola Escola Galega de Administración Pública, modalidade de formación on line, dende o 19 de setembro ata o 18 de outubro de 2019, cunha duración de 30 horas lectivas.**

ASESORA XURÍDICA

- **Curso Pobreza enerxética e desafiuzamentos. Organizado pola FEGAMP, modalidade de formación on line, dende o 20 de maio ao 28 de xuño de 2019, cunha duración de 50 horas lectivas.**
- **Curso formación en igualdade para a prevención e o afrontamento da violencia de xénero. Organizado polo servizo de voluntariado da Xunta de Galicia, modalidade de formación on line, dende o 14 de outubro ao 15 de novembro de 2019,cunha duración de 50 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección da vítima. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 14 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Unha década de experiencia tratando con vítimas de violencia sexual. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Intervención profesional con persoas do colectivo LGTBI. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de setembro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**

- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 4 de outubro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**

PSICÓLOGA

- **Curso: Intervención con familias, menores e adolescentes en situación de exclusión social. Organizado pola FEGAMP, modalidade de formación on line, dende o 22 de abril ao 22 de maio de 2019. Cunha duración de 40 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección da vítima. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 14 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Unha década de experiencia tratando con vítimas de violencia sexual. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Intervención profesional con persoas do colectivo LGTBI. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de setembro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 4 de outubro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**

- **Mesa de expertos/as "Os/as menores como vítimas na violencia de xénero". Organizada pola USC, o día 8 de novembro de 2019, cunha duración de 6 horas lectivas.**

TRABALLADORA SOCIAL (AXENTE DE IGUALDADE).

- **Curso Sexting, sextorsión e violencia de xénero dixital. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e a EGAP, modalidade de formación on line, dende o 31 de outubro ao 21 de novembro de 2019. Cunha duración de 20 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, A violencia sexual, proxectos e experiencias para abordala desde o respecto e a protección da vítima. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 14 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Unha década de experiencia tratando con vítimas de violencia sexual. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de xuño de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Intervención profesional con persoas do colectivo LGTBI. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 20 de setembro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Xornada incluída no Plan de formación para o persoal dos Cim de Galicia, Novos programas e cambios sociais na asistencia a vítimas de violencia de xénero. Organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o día 4 de outubro de 2019, cunha duración de 4 horas lectivas.**
- **Mesa de expertos/as "Os/as menores como vítimas na violencia de xénero". Organizada pola USC, o día 8 de novembro de 2019, cunha duración de 6 horas lectivas.**

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ACHÉGASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE.

REVISTA DE PRENSA
E
MATERIAIS EMPREGADOS

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS
DE
IGUALDADE - CIM
CONCELLO DE SANTIAGO
ANO 2019.